



O cregho e maila criada  
foron ós gharabullíños  
/: a criada cae de cu  
e o cregho de fuciños. :/

S'o ríu da Ulla  
levara coñá  
tódolos borrachos  
irían alá.

En Parada hai boas nenas  
/: San Chindibón a flor delas :/  
Ai la le lo ai la la la.

E ti que o tés ...

/: O muíño de meu pai-e  
eu ben llo sei o tempero :/  
/: cando 'stá alto baixalo  
cando 'sta baixo erghelo. :/

/: Cara de pan balorento :/  
inda me dixeron onte  
/: que comerá-lo tormento :/  
Ai la le lo ai la lala.

/: Cara de cucurujú-e :/  
fuches dormir ó palleiro  
traie-las pallas no cú-e.

E ti telo telo  
non mo queres dar  
e despois de vello  
alo desalar.

Subiche por unha liña (x3)  
baixache por un cordón-he  
/: enchich'a boca de herba  
tapeicha cun alghodón-he :/



/: Vámonos d'aquí qu' é hora :/  
ven o carro das estrelas  
por detrás das casas novas.

Ven bailar, Carmiña,  
Carmiña, Carmela,  
co zapato baixo  
e media de seda  
e media de seda  
e media calada  
aí Carmiña, Carme,  
miña namorada.

Ven bailar, Carmiña,  
Carmiña, Carmela,  
ven bailar, Carmiña,  
e mais trai a nena  
e mais trai a nena  
e mailo rapáz  
ven bailar, Carmiña  
ca media de lá.

Ven bailar, Carmiña,  
Carmiña, Carmela,  
ven bailar, Carmiña,  
e mais trae a nena  
/: e mais trae a nena :/  
anque non é miña  
axudei a facela,  
axudei a facela,  
axudei á criala,  
ven bailar carmiña,  
miña namorada.

Ven bailar, Carmiña,  
miña namorada,  
ven bailar, Carmiña,  
Carmiña, Carmela.

/: Os zapatos piden medias  
as medias piden zapatos :/  
as rapaziñas d'aghora  
tamén piden mozos ghuapos.